



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA

Visto o "Anteproxecto de Lei de portos de Galicia", en cumprimento do disposto no artigo 7 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, e no artigo 22 da Lei 50/1997, do 28 de novembro, sobre competencias, organización e funcionamento do Goberno, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. COBERTURA CONSTITUCIONAL E LEGAL

O artigo 148.1.6 da Constitución Española establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de portos de refuxio, os portos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais. Por outra parte, o artigo 149.1.20 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre mariña mercante e abandeiramento de buques, alumeamento de costas e sinais marítimas, así como sobre os portos de interese xeral.

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de portos non clasificados de interese xeral polo Estado, os portos de refuxio e portos deportivos (art. 27.9), así como o desenvolvemento lexislativo e a



execución da lexislación do Estado en materia de portos pesqueiros (art. 28.6).

Para posibilitar a execución das normas atributivas de competencias constituídas polo Estatuto de Autonomía, realizáronse os trasposos de bens e servizos en materia de portos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real Decreto 3214/1982, de 24 de xullo.

De conformidade co indicado, a Comunidade Autónoma Galicia ten competencia exclusiva en materia de portos sempre que estes no estean clasificados como de interese xeral, sendo a Consellería do Mar, e, dentro dela, a entidade pública Portos de Galicia, o órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma para o exercicio da citada competencia, regulada na actualidade pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación da entidade pública Portos de Galicia, e polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

En consecuencia, dispoñendo a Comunidade Autónoma de competencia lexislativa e executiva plena en materia de portos que non sexan de interese xeral así como nos de refuxio e deportivos, abórdase mediante o presente anteproxecto a regulación dos portos de titularidade autonómica

II. XUSTIFICACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI

Tal como sinala a memoria explicativa, na Comunidade Autónoma de Galicia non existiu ata a actualidade unha disposición legal que regulara na súa totalidade as competencias asumidas en materia de portos.



Ante ese baleiro normativo, víñase aplicando supletoriamente, de conformidade co sinalado no artigo 4 da citada Lei 5/1994, do 29 de novembro, a normativa estatal, constituída polo Texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante Real Decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que deriva sustancialmente da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, da Lei 62/1997, do 26 de setembro, de modificación da anterior, e da Lei 48/2003, do 23 de novembro, de réxime económico e prestación de servizos dos portos de interese xeral. Non obstante, as características, dimensións, obxectivos e funcións dos portos de competencia autonómica fan dificilmente trasladable a aplicación da normativa estatal de xestión e regulación dos portos de interese xeral.

Por tal motivo, facendo uso das competencias asumidas estatutariamente, elaborouse o presente anteproxecto para lograr o obxectivo de dotar á Comunidade Autónoma de Galicia dunha disposición legal adaptada ás singularidades dos portos de Galicia que non estean cualificados de portos de interese xeral, subsanando así as dificultades de aplicación dos criterios de actuación e do modelo de xestión establecido na normativa estatal anteriormente citada. De tal xeito, se recollen na lei principios de actuación e requisitos normativos de xestión do sistema portuario galego que integra a totalidade das infraestruturas marítimas, co fin último de incrementar as sinerxias dos portos galegos en relación co sistema xeral de transporte da Comunidade Autónoma, así como potenciar a coordinación das políticas e competencias en materias como as de inversións portuarias, políticas de transportes e ordenación do territorio.

Así mesmo, mediante a presente lei se establecen as normas de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidade pública instrumental Portos de Galicia de acordo co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e se procede á derogación da



Lei 5/1994, do 29 de novembro.

III. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

Iniciouse a elaboración do anteproxecto de lei pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade e a memoria económico-financeira.

Unha vez elaborado o texto e as citadas memorias, mediante acordo do Consello da Xunta celebrado o 24 de xullo de 2014 autorizouse o inicio de tramitación do Anteproxecto de lei de Portos de Galicia.

Con data 9 de outubro de 2014, a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o informe sobre impacto de xénero, formulando unha serie de recomendacións para incorporar a perspectiva de xénero no texto. Tales observacións introducíronse no texto en consonancia co indicado no informe.

Con data 18 de novembro de 2014, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa informou favorablemente o texto do anteproxecto, se ben realizou unha serie de suxestións de modificación que foron examinadas e valoradas por Portos de Galicia en informe de 23 de outubro de 2015.

Con data 17 de abril de 2015, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos informou favorablemente o anteproxecto, tanto da súa



sostibilidade financeira coma das taxas, prezos e exaccións reguladoras.

Tamén formularon alegacións a Dirección Xeral da Función Pública (18.02.2015), a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (07.11.2014), a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (09.07.2014 e 13.11.2014) e a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (08.07.2014), igualmente examinadas e valoradas por Portos de Galicia no informe de 23 de outubro de 2015.

O texto íntegro do anteproxecto (versión do 11/07/2014) estivo exposto na páxina web da Consellería entre o 1 de outubro de 2014 ata o 29 de outubro de 2015, co obxecto de que as persoas interesadas puidesen formular suxestións mediante un formulario electrónico habilitado a tal efecto. Segundo consta no certificado emitido o 29 de outubro de 2015 polo xerente de proxectos do Medio Rural e do Mar, non se recibiron suxestións por web.

En cumprimento do trámite de audiencia, enviouse o “Anteproxecto de Lei de portos de Galicia” ás entidades e organizacións seguintes:

- Consello Galego de Cámaras de Comercio
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios y Navegación de A Coruña
- Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Lugo
- Cámara de Comercio, Industria y Navegación de Vigo
- Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Pontevedra
- Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol
- Cámara de Comercio de Tui
- Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vilagarcía de Arousa
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios y Navegación de



Santiago de Compostela

- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Unión General de Trabajadores de Galicia (UGT)
- Sindicato Nacional de Comisiones Obreiras de Galicia (CCOO)
- Federación Galega de Municipios e Provincias
- Deputación provincial da Coruña
- Deputación provincial da Lugo
- Deputación provincial de Pontevedra
- Federación Galega de Confrarías de Pescadores
- Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
- Federación Galega de Vela
- Federación Galega de Motonáutica
- Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (ASNAUGA)
- Federación Ecoloxista Galega
- Asociación Marinas de Galicia
- Asociación Gallega de Comercializadores de Mariscos (AGACOMAR)
- AMEGROVE Sociedade Cooperativa Galega
- ANFACO-CECOPECA
- CONXEMAR
- Armadores de Burela, SA
- Puerto de Celeiro, SA
- Asociación Gallega de Empresarios Depuradores de Moluscos
- Centro Tecnológico Gallego de Acuicultura (CETGA)-Clúster de Acuicultura de Galicia
- Asociación Provincial de Empresarios Marítimos da Coruña (APEMCO)
- Asociación de Mejilloneros Virgen del Rosario
- Organización de Productores de Mexilón de Galicia
- Federación de Asociaciones de Mejilloneros de Arosa y Norte
- Asociación Gallega de Mejilloneros (AGAME)
- Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar
- Puertos del Estado
- Dirección General de la Marina Mercante
- Dirección General de Salud Pública, Calidad e Innovación
- Secretaría de Estado de Seguridad



- Secretaría de Estado de Hacienda
- Asociación Provincial de Consignatarios y Estibadores de A Coruña
- Asociación de Empresas Consignatarias y Estibadores de Buques de la provincia de Pontevedra.

Formularon alegacións ao anteproxecto de lei a Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior (26.11.2014), Portos do Estado (19.11.2014), a Federación Galega de Municipios e Provincias (17.11.2014), a Confederación de Empresarios de Galicia (14.11.2014), a Asociación Náutica de Galicia – ASNUGA (13.11.2014), a Deputación da Coruña (01.12.2014), a Cámara de Comercio da Coruña (19.11.2014), e CC.OO de Galicia (18.11.2014).

Tales alegacións foron examinadas e valoradas por Portos de Galicia no informe de 23 de outubro de 2015.

Finalizado o trámite de audiencia, elaborouse un novo texto (versión 23.10.2015), que foi remitido á Asesoría Xurídica Xeral para o seu preceptivo informe.

Con data 24 de febreiro de 2016 emitíuse informe pola Asesoría Xurídica Xeral, no que se establecían observacións de legalidade da norma proxectada así como recomendacións de mellora e técnica normativa.

Tales observacións e recomendacións foron examinadas e valoradas por Portos de Galicia no informe de 6 de maio de 2016, dando lugar a un novo texto (versión 06.05.2016) no que se recolleron de xeito substancial e case na súa totalidade as recomendacións de técnica normativa e as observacións de legalidade formuladas pola Asesoría Xurídica.



A nova versión do anteproxecto de lei de portos de Galicia, xunto co informe de Portos de Galicia, foron remitidos de novo a Asesoría Xurídica Xeral para a súa toma en consideración.

Con data 9 de xuño de 2016, a Asesoría Xurídica Xeral emite informe definitivo no que acepta todas as melloras e recomendacións que se conteñen na nova versión do articulado do anteproxecto de lei, e conforma a versión final do anteproxecto de lei de portos para a continuación do procedemento de aprobación do anteproxecto conforme ao disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Trámites pendentes

Finalmente, e antes da súa elevación ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto, o anteproxecto de Lei de portos de Galicia deberá someterse ao ditame do Consello Económico e Social, de conformidade co disposto no art. 5.1.1.a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

IV. ESTRUCTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto estrutúrase nunha exposición de motivos e un total de 147 artigos distribuídos nun título preliminar e seis títulos, sete



disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións finais, que ofrecen o seguinte contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais (arts. 1 a 6)

CAPÍTULO I. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei (arts. 1 e 2)

CAPÍTULO II. Dos portos e instalacións portuarias de Galicia (arts. 3 a 5)

CAPÍTULO III. Principios xerais (art. 6)

TÍTULO I. Da organización portuaria de Galicia (arts. 7 a 31)

CAPÍTULO I. Entidade pública empresarial Portos de Galicia (arts. 7 a 27)

SECCIÓN 1ª. Natureza e funcións (arts. 7 a 10)

SECCIÓN 2ª. Estrutura administrativa, actos da entidade pública empresarial e dos recursos e reclamacións contra estes (arts. 11 a 18)

SECCIÓN 3ª. Normas particulares de xestión e explotación (arts. 19 a 21)

SECCIÓN 4ª. Facenda e patrimonio (arts. 22 e 23)

SECCIÓN 5ª. Réxime financeiro (arts. 24 a 26)

SECCIÓN 6ª. Persoal (art. 27)

CAPÍTULO II. Competencias da Administración autonómica (arts. 28 a 31)

TÍTULO II. Planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade (arts. 32 a 91)



CAPITULO I. Planificación portuaria (arts. 32 a 36)

CAPÍTULO II. Ordenación urbanística dos portos (arts. 37 a 39)

CAPÍTULO III. Proxectos e obras (arts. 40 a 43)

CAPÍTULO IV. Do medio ambiente e da seguridade (arts. 44 a 48)

TÍTULO III. Do dominio público portuario (arts. 49 a 91)

CAPITULO I. Natureza, extensión e usos do dominio público portuario (arts. 49 a 55)

SECCIÓN PRIMEIRA. Natureza, extensión e réxime xurídico (arts. 49 e 50)

SECCIÓN SEGUNDA. Zona de servizo e usos portuarios (arts. 51 a 55)

CAPITULO II. Utilización do dominio público portuario (arts. 56 a 91)

SECCIÓN PRIMEIRA. Disposicións xerais (arts. 56)

SECCIÓN SEGUNDA. Autorizacións (arts. 57 a 64)

SECCIÓN TERCEIRA. Concesións (arts. 65 a 83)

SECCIÓN CUARTA. Disposicións comúns a autorizacións e concesións (arts. 84 a 90)

SECCIÓN QUINTA. Contrato de concesión de obras públicas portuarias (art. 91)

TÍTULO IV. Dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo (arts. 92 a 109)

CAPITULO I. Disposicións xerais (arts. 92 e 93)

CAPÍTULO II. Concesións (arts. 94 a 96)



CAPÍTULO III. Regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo (arts. 97 a 99)

CAPÍTULO IV. Réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia (arts. 100 a 109)

SECCIÓN 1ª. Procedemento de outorgamento e listas de espera (arts. 100 a 104)

SECCIÓN 2ª. Réxime das autorizacións (arts. 105 e 106)

SECCIÓN 3ª. Extinción das autorizacións (arts. 107 a 109)

TÍTULO V. Réxime xeral da prestación de servizos e do desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos (arts. 110 a 124)

CAPITULO I. Dos servizos (art.110)

CAPÍTULO II. Dos servizos portuarios (arts. 111 a 122)

CAPÍTULO III. Das actividades comerciais e industriais (arts. 123 e 124)

TÍTULO VI. Regulamento de Explotación e Policía, Potestades de inspección e seguridade e réxime das sancións (arts. 125 a 147)

CAPITULO I. Regulamento de explotación e Policía de Portos de Galicia (art. 125)

CAPITULO II. Potestades de inspección e seguridade (arts. 126 a 128)

CAPITULO III. Infraccións (arts. 129 a 134)

CAPITULO IV. Sancións e outras medidas (arts. 135 a 147)

Disposición adicional primeira. Sociedades mercantís públicas dependentes



de Portos de Galicia.

Disposición adicional segunda. Zona de servizo de portos xestionados en concesión.

Disposición adicional terceira. Limitacións sobre a propiedade de terreos contiguos ao dominio público portuario.

Disposición adicional cuarta. Relación de espazos susceptibles de segregación.

Disposición adicional quinta. Lonxas xestionadas en réxime de monopolio.

Disposición adicional sexta. Estibadores portuarios.

Disposición adicional sétima. Perspectiva e igualdade de xénero.

Disposición transitoria primeira. Concesións e autorizacións vixentes á entrada en vigor da Lei.

Disposición transitoria segunda. Prohibicións.

Disposición transitoria terceira. Zona de servizo dos portos.

Disposición Transitoria cuarta. Réxime Transitorio aplicable a Plans de Utilización de Espazos portuarios, a Delimitacións de Espazos e Usos Portuarios e a Plans Directores de Infraestruturas.

Disposición transitoria quinta. Normas urbanísticas de aplicación directa.

Disposición transitoria sexta. Regulamento de servizo e policía.

Disposición transitoria sétima. Persoal laboral fixo da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Disposición derogatoria única.

Disposición final primeira. Habilitación de competencias.

Disposición final segunda. Rexistro de prestadores de servizos.



Disposición final terceira. Desenvolvemento regulamentario.

Disposición final cuarta. Entrada en vigor.

Por último, o anteproxecto recolle nun anexo os portos e instalacións marítimas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co anterior, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos constitucionais e estatutarios anteriormente expostos, e se cumpriron tódolos trámites legais preceptivos. En consecuencia, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto, que deberá ser remitido ao Consello Económico e Social de Galicia con carácter previo a súa aprobación no Consello da Xunta como proxecto de lei.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2016

A secretaria xeral técnica

Isabel Concheiro Rodríguez-Segade

